

**ASUNTO: DECRETO PRAZO MATRICULA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO 20 AO 31 DE XULLO DO 2020**

Visto o informe da Directora /Asesora Xurídica do Centro de Información á Muller de data 9 de xullo do 2020 no que sinala:

*“VISTO o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal de Monforte publicado no BOP de Lugo número 145 do 26 de xuño do 2009 polo que se regula a organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Monforte de Lemos.*

*VISTO que no Capítulo XI do citado Regulamento regúlase o proceso de matriculación na Escola Infantil Municipal establecendo no artigo 37 como prazo para a formalización da matrícula os primeiros 15 días do mes de xullo.*

*VISTO que o pasado 14 de marzo, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no que se incluíron entre outras medidas a suspensión dos termos e prazos administrativos, e como consecuencia do anterior, interrompeuse o prazo para a presentación de solicitudes correspondentes ao procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal para o Curso 2020/2021.*

*VISTO que o 28 de maio do 2020 aprobouse o Decreto de Alcaldía no que se modifican os prazos establecidos no Regulamento da Gardería Infantil Municipal, publicado no BOP de Lugo núm. 145 de 26 de xuño de 2009, no seu artigo 34, en relación coa presentación das solicitudes para o procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal, establecendo os seguintes:*

- solicitudes de reserva de praza por **RENOVACIÓN** do 1 ao 8 de xuño, ambos inclusive.
- solicitudes de praza por **NOVO INGRESO** do 1 ao 15 de xuño, ambos inclusive.

*VISTO que para darlle continuidade ao procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal para o Curso 2020/2021, os nenos e nenas admitidos, tanto por reserva de praza como por novo ingreso, deberán formalizar a matrícula.*

*PROPONSE a aprobación da modificación do prazo establecido no Regulamento para a presentación de solicitudes para o proceso de matrícula na Escola Infantil Municipal, establecendo como prazo para a realización deste trámite do 20 ao 31 de xullo, ambos inclusive. ”*

En consecuencia, de acordo cos artigos 21 e 23 da Lei da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43, 44 e 114 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, e a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

**RESOLVO:**

Primeiro.- Proceder á aprobación da modificación do prazo establecido no Regulamento para a presentación de solicitudes para o proceso de matrícula na Escola Infantil Municipal, establecendo como prazo para a realización deste trámite do 20 ao 31 de xullo, ambos inclusive.

Segundo.-Dar traslado do presente decreto ao departamento do Centro de Información á Muller e a publicación do mesmo na páxina web municipal.



**FIRMAS Y FECHAS**





MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 09/07/2020  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 09/07/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/07/2020 19:51:15

